



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

ORDE DO 22 DE MAIO DE 2015 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO.

Obxecto: Axudas para a adquisición de libros de texto .

Ámbito de aplicación: alumnado de 1º-2º-4º e 6º de primaria, e alumnado de 1º e 3º de secundaria no curso 2015/16; e alumnado de educación especial, exclúese:

- O alumnado que non devolvera os libros comprados coa axuda do curso 2014-2015 (agás 1º de primaria que non tiña a obriga de devolvelos)
- O alumnado de centros incluídos no proxecto de educación dixital.
- O alumnado matriculado en educación especial, e o que estea en educación ordinaria e teña unha discapacidade superior ao 65 %, e que cumpra o resto dos requisitos da orde, recibirá 250,00 con independencia da renda per capita familiar, con eles poderá comprar libros doutros cursos ou o material didáctico ou complementario que o centro docente determine en cada caso.
- O alumnado tutelado pola Xunta de Galicia recibirá a axuda máxima sen acreditar nada.

Requisitos dos beneficiarios:

- Ser pai,nai, titor-a de alumnado dos cursos obxecto desta convocatoria
- Ter os seguintes niveis de renda per cápita, que dan dereito ao seguinte tipo de axudas:
 - Familias monoparentais, ata 6.000,00: 170,00 en primaria e 180,00 en secundaria
 - Familias monoparentais, de 6.00,00 ata 9.000,00: 90,00 € en primaria e 104,00 en secundaria
 - Resto das familias, ata 5.400,00: 170,00 € en primaria e 180,00 en secundaria
 - Resto das familias, de 5.400,01 ata 9.000,00: 90,00 en primaria e 104,00 en secundaria.
- Ter devolto os libros adquiridos coas axudas do curso 2014/15
- Terase en conta a renda da unidade familiar (suma das rendas de todos os membros do exercicio 2013), dividida polo número de membros computables (segundo situación persoal e familiar o 31-12-2013:)

Recollida de libros do curso 2014-2015:

- O alumnado que aprobe todo en xuño devolverá os libros adquiridos con cargo ás axudas como máximo o 19 de xuño de 2015.
- No caso de alumnos que teñan algunha materia pendente, devolverán os libros correspondentes a esas materias con límite o 4 de setembro de 2015



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

Procedemento:

- Nai, pai ou representante legal presentará a solicitude para o alumnado dos niveis incluídos nesta orde.
- As solicitudes presentaranse en papel, no formulario que anexa a orde, e preferentemente no centro educativo; acompañando da documentación que acredite as circunstancias familiares e económicas.
- Presentarase unha solicitude por cada alumno ou alumna, non é familiar.
- O prazo remata:
 - O 1 de xullo en primaria e educación especial
 - O 27 de xullo para o alumnado ESO que se matricule en xuño.
 - O 2 de outubro para o alumnado ESO que se matricule en setembro.
- A solicitude implica a aceptación de compromiso de conservación e de devolución dos libros ao finalizar o curso 2015/16
- O centro introducirá a información na aplicación informática correspondente, comprobando que a documentación estea completa, e validará a solicitude.
- O centro xerará un vale cun código único que será selado e asinado polo director-a e entregado ao solicitante. O centro levará un control dos vales entregados.
- O solicitante disporá de dez días para emendar os posibles erros, nese caso devolverá o vale recibido, emendará a solicitude e xerarase un novo vale.
- Unha vez que o solicitante estea en posesión do vale poderá comprar libros de texto, no establecemento que queira, e polo importe máximo que figura no vale.
- O establecemento sinalará os libros que se facilitan con cargo ao vale, e remitirá logo eses datos todos ás xefaturas territoriais da consellería de educación.
- A concesión da axuda implica que a familia se compromete a usar correctamente os libros, a conservalos en bó estado, e a devolvelos ao rematar o curso 2015/16 para a creación dun fondo solidario que se constituirá no centro, agás do alumnado de 1º e 2º de primaria, o de educación especial e o que teña unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- Ao rematar o curso 2015/16, os centros educativos comprobarán que os alumnos beneficiarios das axudas devolvan os libros adquiridos con cargo a elas.

Tratamento do alumnado NEAE :

- Cada centro docente poderá adoptar as medidas necesarias para o alumnado NEAE poida dispor de material específico se os libros de texto non lle serven .



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

COMENTARIOS A ESTA ORDE:

- Non fai ningunha disposición ao redor da vixencia dos libros de texto nos cursos que regula; polo que hai que entender, como polo demais veñen declarando na prensa ultimamente, que dependendo de cada centro escolar, mesmo de cada grupo dentro de cada curso, convivirán libros LOE con libros LOMCE durante o curso 2015-2016.
- Pero si que fan indicación de que todos os libros que se adquiran con estas axudas serán a base do futuro “fondo solidario” que se montará o próximo curso.
- Isto implica que este será o último ano no que haxa axudas para a compra de libros, o ano próximo só haberá “fondos solidarios” en cada colexio.
- E eses fondos solidarios, os de 2016-2017, curso con plena incorporación LOMCE, terán:
 - Necesariamente libros LOE en 3º e 5º de primaria, e en 2º e 4º de secundaria, como xa explicamos nos comentarios á outra orde, porque son os que hai neste curso que remata, os que teñen continuidade obrigatoria por imperativo legal, e polo tanto os que se aporten aos fondos do ano seguinte.
 - Libros LOMCE ou LOE en 4º e 6º de primaria e en 1º e 3º de secundaria (desbotamos 1º e 2º de primaria porque máis que libros son cadernos que se consumen cada ano), en función do que cada profesor estea decidindo nestes días.
- E a consecuencia disto será que no curso 2016-2017 convivirán nun mesmo colexio, nunha mesma aula, libros de todos os currículos e asociados a dúas normativas, dependendo de qué libro se comprara co cheque, de qué libro se recomendara, ou mesmo de qué curso esteamos a falar. Sen o menor criterio, sen a máis mínima xustificación.
- Esta orde si recolle un suposto obxectivo de axuda: todos os que teñan menos renda de x euros; pero ao mesmo tempo cuantifica e delimita as axudas dos anos futuros : os libros mercados este ano co cheque de axudas, e que se devolvan ao colexio, serán a máxima dispoñibilidade para cursos posteriores; teñan eses curso máis alumnado, máis necesidades, ou todo o contrario.
- Todo está organizado en torno á individualidade de cada centro, mesmo se prevé que no caso de cambios entre centros hai que devolver os libros no centro de saída, e pedir uns novos no de chegada; a concepción de tratamento igualitario para todos os escolares galegos está absolutamente rota con esta normativa.
- Volve a maltratar ao alumnado NEAE con minusvalías inferiores ao 65 % porque novamente dependen da eficacia e interese dos equipos directivos.
- Aquí non se pide a colaboración das ANPAS; pero indiscutiblemente vai aparecer a idea de que neses cursos (4º e 6º de primaria, e 1º e 3º de secundaria) podemos continuar cos bancos de libros dos cursos anteriores porque, o ano que ven, non colisionan cos que cada centro organice para os cursos obxecto da Orde que crea o “fondo solidario”, sería o último ano no que eses bancos “nosos” servirían para algo. Aquí o argumento ten que ser a imposibilidade de lle explicar á comunidade educativa porque xestionas dous cursos pero non os



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

outros dous, ademais da incerteza que se produce pola inseguridade ao redor do cambio de libros de texto nestes cursos para o curso que entra.

- Esta orde non avanza en absoluto na equidade, máis ben, como a outra, avanza na discriminación visual, porque tenta consolidar o modelo do banco de libros, con nenos pobres con libros vellos, e nenos ricos estreado libros novos, que é o primeiro paso para a discriminación social.
- Novamente recarga o traballo dos responsables da dirección dos centros educativos, xa moi sobrecargados coa xestión dos “fondos solidarios”.